
Eganet premia ao CESGA na figura do seu Director

- Actualizado (26.09.2005)

O director do Centro de Supercomputación de Galicia, Javier García Tobío, recibiu o 5 de outubro un Premio de Honra Especial concedido pola Asociación de Empresas Galegas dedicadas a Internet (Eganet).

Na segunda edición dos Premios Eganet, Javier García Tobío recolleu este galardón pola súa traxectoria profesional como promotor do uso das novas tecnoloxías na comunidade galega ao fronte do Cesga, entidade dependente da Xunta de Galicia e do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).

Os premios de Eganet concédenselles anualmente ás empresas e institucións que destacan pola súa labor de promoción e difusión das novas tecnoloxías. Nesta edición, celebrada no marco do foro de tecnoloxía GaliciaTIC en Santiago, tamén foi premiada a Universidade de Santiago de Compostela como a presenza institucional máis destacada de Galicia en Internet.

Para máis información sobre estes premios consulte www.premioseganet.org